

# Irlanda do Norte cinco anos despois do Acordo do Venres Santo: outra vez na encrucillada

*Benjamin Kienzle*

**H**ai 35 anos, o 9 de decembro de 1968, o entón primeiro ministro de Irlanda do Norte, Terence O'Neill, advertiu nun dos seus discursos máis célebres que “o Ulster está na encrucillada” e lles preguntou ós seus concidadáns: “¿Que tipo de Ulster queren? ¿unha provincia feliz e respectada cunha boa relación co resto do Reino Unido? ¿ou un lugar continuamente desgarrado por disturbios e manifestacións e visto coma un paria político polo resto da Gran Bretaña?”. A historia amosa que o seu chamamento ás voces da razón, pese a ter grande impacto tanto na comunidade protestante como na católica, non fructificou: Irlanda do Norte caeu nos meses seguintes ó seu discurso nunha longa e sanguenta guerra civil entre protestantes/unionistas/lealistas por unha banda, e católicos/nacionalistas/republicanos pola outra. Non foi antes de 1998 –30 anos despois– cando as partes pelexadas asinaron un acordo de paz comprensivo, o chamado Acordo do Venres Santo. E sen embargo arestora, cinco anos despois da firma deste importante Acordo, a continuidade do mesmo e do proceso de paz na súa totalidade fica lonxe de estar asegurada.

Pouco tempo despois das cruciais eleccións do 26 de novembro de 2003, semella que Irlanda do Norte está outra vez na encrucillada: ben segui-lo farragoso camiño cara a un futuro máis pacífico, ou ben ser arroxada unha vez máis ós tempos escuros do conflito. Retrocedendo ós últimos 35 anos, as perspectivas de futuro do proceso de paz semellan máis ben pouco prometedoras: 7 tentativas para pórle fin á violencia fracasaron, notablemente o Acordo de Sunningdale de 1973. Xa en 1976, Richard Rose, un reputado catedrático de Ciencias Políticas, lamentou que o “problema (de Irlanda do Norte) é que non ten unha solución”<sup>(1)</sup>.

Non obstante, e para a sorpresa da maioría dos analistas, asinou un acordo de paz e aínda non se rompeu, algo que, en Irlanda do Norte, pode considerarse un éxito extraordinario. A pesar de todo, o futuro éxito dependerá das condicións favorables xerais e da habilidade do Acordo do Venres Santo e do proceso de paz na súa totalidade para non repeti-los erros do pasado, sobre todo o de non ter encarado as causas profundas do conflito. En suma, existen catro áreas diferentes de problemas: a política, coa cuestión principal da soberanía acerca de Irlanda do Norte; a social, coas divisións comunais; a económica; e as relacións co marco internacional. Todos estes campos teñen unha influencia complexa, e a miúdo interrelacionada, no conflito e mailo proceso de paz. Polo tanto, a cuestión crucial é: ¿mellorou a situación neste

---

(1) ROSE, Richard: *Northern Ireland: A Time for Change*, Macmillan, London, 1976.

conxunto de problemas de tal xeito que o proceso de paz foise fortalecendo ou en realidade empeorou a situación dende a firma do Acordo do Venres Santo?

### **A evolución do proceso de paz en Irlanda do Norte: o farragoso camiño cara á paz**

---

Aínda que o comezo real do proceso de paz é discutible, pódese remontar ó Acordo Anglo-Irlandés de 1985, no que o Goberno da República de Irlanda obtivo por vez primeira o dereito a intervir nos asuntos de Irlanda do Norte. Posteriormente, a cooperación anglo-irlandesa aumentou, culminando na Declaración de Downing Street de 1993, que foi deseñada para convencer á organización paramilitar máis importante, o Exército Republicano Irlandés (*IRA*), para que declarase a tregua, algo que, despois de intensivos debates, fíxo en agosto de 1994.

A tregua do *IRA* non foi soamente resultado da Declaración de Downing Street, senón tamén de varios procesos e desenvolvementos máis fondos: primeiro, da crecente fatiga respecto á guerra dentro da comunidade republicana; segundo, do intenso diálogo entre John Hume, líder do moderado Partido Socialdemócrata e Obreiro, e Gerry Adams, presidente do *Sinn Féin*, brazo político do *IRA*; terceiro, das conversacións secretas entre o *Sinn Féin* e o goberno británico e irlandés, respectivamente, sobre as vías posibles para seguir adiante; e cuarto, da influencia do presidente estadounidense Bill Clinton como moderador.

Despois do anuncio de tregua por parte do *IRA*, os paramilitares lealistas tamén a declararon. Non obstante, 1995 e 1996 non viron grandes melloras políticas no proceso de paz. A pesar de que o goberno británico publicou xunto co seu homólogo irlandés o documento “Marco para o Futuro” en febreiro de 1995, no que se recollía unha axenda para negociacións futuras, as conversas preliminares entre os partidos pelexados atascáronse cada vez máis debido ó problema do desarmamento. Os homes duros do *IRA* desilusionáronse cada vez máis co proceso de paz –a pesar das minguadas medidas de seguridade e a anticipada excarceración de prisioneiros– e concluíron a súa tregua en febreiro de 1996 cunha bomba en Londres que provocou a morte de dous civís. Cinco meses máis tarde, enormes disturbios, consecuencia dunha polémica marcha da Orde Oranxista de protestantes, axitaron Irlanda do Norte.

A situación non mudou ata a elección do novo –e forte– goberno laborista de Tony Blair, en maio de 1997. O novo goberno non sufría a presión directa dos partidos norirlandeses e lle proporcionou un novo pulo ó proceso de paz. En xullo de 1997, o *IRA* declarou de novo o alto o fogo e, só un mes e medio despois, o *Sinn Féin* asinou os chamados “Principios de Mitchell”, polos que se comprometía ó uso de medios pacíficos, entrando nas negociacións que tódolos partidos comezaran previamente nese ano. Como consecuencia, o radical, pero poderoso, Partido Democrático do Ulster (*DUP*) abandonou as negociacións e dende entón se opuxo sempre ó proceso de paz. De tódolos xeitos, e mesmo despois de varios retrocesos, os demais parti-

dos asinaron o Acordo do Venres Santo o 10 de abril de 1998. Nun referendo ulterior, o Acordo foi aprobado polo 71% dos votantes de Irlanda do Norte e polo 94% por cento dos da República de Irlanda.

Pero os problemas e reveses continuaron tamén despois do Acordo do Venres Santo. Tres meses máis tarde, un grupo escindido do IRA contrario ó Acordo matou a vinte e nove persoas –dúas delas españolas– co estoupido dunha bomba na pequena vila de Omagh. Ó mesmo tempo, o progreso na esfera política foi moi lento. Non foi antes de novembro de 1999 cando os partidos do Norte de Irlanda comezaron a convertere-las estipulacións do Acordo en accións ó formar un Executivo de poder compartido. En decembro, por primeira vez dende a imposición do goberno directo (*Direct Rule*) dende Londres en 1972, Gran Bretaña transferiulle poderes á nova Asemblea de Irlanda do Norte, pero despois interveu catro veces para reimpoñe-lo goberno directo: entre febreiro e marzo de 2000, o 10 de agosto de 2001, o 21 de setembro de 2001, e dende outubro de 2002. En maio de 2003, o goberno británico mesmo chegou a suspender en dúas ocasións as primeiras eleccións á Asemblea norirlandesa dende 1998. Os asuntos máis complexos foron o desarmamento e a reforma da policía, e, ata o momento presente, tódalas tentativas para rompe-lo estancamento político fracasaron, coma é o caso da Declaración conxunta británico-irlandesa de maio de 2003 e o acordo entre os unionistas e o *Sinn Féin* de outubro. O 26 de outubro de 2003 celebráronse finalmente as eleccións sen un acordo e en ambas comunidades gañaron os partidos máis radicais: o DUP e o Sinn Féin.

### **Despois do Acordo do Venres Santo: melloras e retrocesos**

---

O Acordo do Venres Santo non é a fin nin o comezo do proceso de paz, pero si é a parte principal. A idea central que transmite o Acordo non é resolve-lo conflito en si mesmo, senón establecer procedementos e estándares democráticos. Co tempo, agárdase que o uso exclusivo de medios pacíficos e constitucionais minimize a desconfianza e o medo mutuos entre as comunidades protestante/unionista/lealista e católica/nacionalista/republicana, de modo que se harmonicen as relacións entre as distintas comunidades e xurda a posibilidade dun futuro máis estable e pacífico. Para acadar estes obxectivos, os negociadores do Acordo chegaron a compromisos acerca da posición constitucional de Irlanda do Norte, do futuro goberno e de varias cuestións menos relevantes.

En primeiro lugar, o Acordo recoñece que Irlanda do Norte é parte do Reino Unido, aínda que os seus cidadáns poden identificarse coma irlandeses, británicos ou como posuidores de ámbalas dúas nacionalidades. Tamén contempla a posibilidade de acadar mesmo as demandas máis radicais, noutras palabras, unha Irlanda unida a través de medios democráticos, a pesar de que a República irlandesa abandona a inmediata reclamación de Irlanda do Norte. En segundo lugar, o goberno de Irlanda do Norte divídese en tres ramais ou dimensións, que apareceron durante o proceso de

paz: o primeiro, ocúpase de Irlanda do Norte e establece unha Asemblea norirlandesa e un Executivo de poder compartido con numerosos freos e equilibrios entre as comunidades; o segundo, céntrase nas relacións entre Irlanda do Norte e a República, establecendo un “Consello Ministerial Norte-Sur”; o terceiro, establece un Consello Británico-Irlandés con representantes de tódalas partes das Illas Británicas. En terceiro lugar, os asuntos menos importantes inclúen a introducción da lexislación dos dereitos humanos, asuntos de seguridade, programas sociais e culturais e un Acordo Británico-Irlandés para substituí-lo Acordo Anglo-Irlandés de 1985. ¿Como se desenvolveron na práctica todas estas estipulacións e compromisos?

### **¿Das armas ó goberno? Estabilidade política e asuntos de seguridade**

O remate da violencia paramilitar e o establecemento dun estado máis seguro e pacífico son os obxectivos máis importantes do Acordo do Venres Santo, e constitúen, ó mesmo tempo, as cuestións máis polémicas. De maneira non sorprendente, unha análise en profundidade da política norirlandesa, incluíndo o desenvolvemento da violencia paramilitar, dende o Acordo do Venres Santo, revela resultados que poderíamos cualificar como mixtos.

A violencia paramilitar directa diminuíu, certamente, dende o Acordo; de feito, a continuidade das treguas dos grupos paramilitares máis grandes é un dos éxitos máis importantes do proceso de paz en xeral e do Acordo do Venres Santo en particular. Sen embargo, dito isto, a violencia en si non desapareceu e rolda aínda en Irlanda do Norte en catro formas diferentes: primeiro, na forma do crime ordinario, que aumentou claramente; segundo, na forma de disturbios e violencia nas rúas entre as multitudes protestantes e católicas; terceiro, na forma de violencia de pequenos grupos coma o *IRA da Continuidade*, o *IRA Auténtico* ou a *Forza Voluntaria Lealista*; cuarto, na forma de violencia paramilitar interna: tanto os paramilitares lealistas coma os republicanos realizan aínda tarefas propias da policía nas súas respectivas comunidades. Este tipo de violencia non só inclúe as malleiras a supostos traficantes de drogas ou o asasinato de disidentes, senón tamén as agarradas entre as faccións enfrontadas das organizacións paramilitares, maiormente entre os lealistas, que sufriron dúas leas moi sanguentas.

En xeral, estas diferentes clases de violencia non tiveron maior impacto no proceso político. Mac Ginty e Darby conclúen nunha recente análise do proceso que “a complicada ameaza da violencia durante o proceso de paz, foi guiada con notable éxito ó manter unha incómoda distinción entre a violencia política e outras formas de violencia”<sup>(2)</sup>. Non obstante, estas “outras formas de violencia” teñen causado moito sufrimento nas comunidades lealistas e republicanas afecta-

(2) MAC GINTY, Roger e DARBY, John: *Guns and Government: The Management of the Northern Ireland Peace Process*, Palgrave, Houndmills, 2002, p174.

das e amosan que o monopolio do poder do novo estado norirlandés aínda non se recoñece universalmente.

No ámbito político, a cuestión do éxito ou o do fracaso é aínda máis difusa. Por unha banda, acadáronse melloras substanciais: establecéronse tódalas institucións do Acordo do Venres Santo –a Asemblea norirlandesa, o Executivo, o Consello Ministerial Norte-Sur e máis o Consello Británico-Irlandés– que, ademais, funcionaron durante períodos máis longos. A maioría dos analistas está de acordo en que o traballo real das institucións –sobre todo o dos ministros do Executivo– foi moi profesional, e ademais, se acadou que o *DUP* participase activamente na Asemblea e no Executivo, a pesar da súa postura radical en contra do Acordo. Outro éxito foi o establecemento de institucións adicionais como a Comisión de Dereitos Humanos de Irlanda do Norte e o Foro Cívico, órgano consultivo formado por representantes da sociedade civil.

Sen embargo, durante longos períodos, as continuas crises practicamente chegaron a paraliza-lo proceso político. Sempre que unha crise ameazaba o Acordo do Venres Santo, o goberno británico interviña asumindo de novo o goberno da provincia, directamente dende Londres e, en total, durante máis dun ano e medio; noutras ocasións, as crises resolvéronse con medidas problemáticas, por exemplo, en novembro de 2001 varios membros da Coalición de Mulleres de Irlanda do Norte (*NIWC*) e o Partido da Alianza “redesignáronse” a si mesmos coma unionistas na Asemblea norirlandesa co fin de asegurar-la reelección de David Trimble, líder do moderado Partido Unionista do Ulster (*UUP*), como Primeiro Ministro, xa que este non puido obte-lo apoio obrigatorio da maioría dos partidos unionistas tradicionais. Ademais, os partidos e gobernos que estaban en prol do Acordo tiveron que “coreografiar”, é dicir, planificar previamente o curso dos eventos políticos co fin de aumenta-los efectos desexados. Pero o problema é que o uso da “coreografía” e doutras destrezas políticas roldou en ocasións o uso da manipulación directa<sup>(3)</sup>. ¿Por que o proceso de paz despois do Acordo do Venres Santo foi tan propenso á crise? A explicación pódese atopar en tres áreas de problemas que se solapan: no Acordo Venres Santo en si mesmo, nas fondas divisións do unionismo e, sobre todo, na relación entre o desarmamento e o funcionamento das institucións do Acordo.

Aínda que, baixo calquera criterio, o Acordo do Venres Santo é un compromiso histórico entre as faccións en loita de Irlanda do Norte, a súa implantación foi moi difícil. O problema central é a chamada “ambigüidade constructiva” do Acordo, i.e. algunhas partes do Acordo se redactaron con tal ambigüidade que os distintos partidos poden interpretalas segundo as súas propias ideas, permitindo así a todos asina-lo Acordo. Deste xeito, Gerry Adams declarou despois de asina-lo Acordo que este conduce directamente a unha Irlanda unida, mentres que David Trimble lles asegurou ós seus seguidores que o Acordo é o mellor xeito de garanti-la unión entre Irlanda do Norte e Gran Bretaña. Por máis que a intención

---

(3) Ver DIXON, Paul: *Political Sills or Lying and Manipulation? The Choreography of the Northern Ireland Peace Process*, *Political Studies*, 50, 2002, pp725-741.

do Acordo non é resolve-la cuestión acerca da soberanía para sempre, a súa ambigüidade permite a ambas partes insistir nas súas posicións radicais. Como consecuencia, a cuestión dunha soberanía non resolta ensombrece aínda o traballo diario das novas institucións e estimula máis conflitos. Como expresan Ruane e Todd, “se ben o Acordo resolveu a cuestión sobre a soberanía nun nivel “formal-legal”, non o fixo así nun nivel político substancial, e tampouco a eliminou do terreo da loita política activa”<sup>(4)</sup>. Ademais, a “ambigüidade constructiva” usouse con efectos semellantes noutros eidos polémicos, como foi o do desarmamento. Outros temas en discusión, por exemplo a reforma da policía, foron transferidos a comisións independentes, permitindo que partidos con opinións diferentes asinaran sen estar realmente de acordo nos asuntos, e, así, cada vez que as comisións informaban sobre os asuntos en cuestión, aparecían novas controversias porque os diferentes partidos agardaban resultados distintos. No curto prazo, a “ambigüidade constructiva” e o uso de comisións independentes fixeron posible un apoio máis amplo ó Acordo; no longo prazo, sen embargo, causaron numerosas crises.

Estas crises viñéronlles moi ben ós opoñentes do Acordo do Venres Santo, en particular, ós pertencentes á comunidade unionista, profundamente dividida en varias liñas e partidos dende os anos sesenta. Contrariamente ós nacionalistas e ós republicanos, que apoiaban de xeito case unánime o Acordo, os unionistas están fondamente fraccionados nunha metade que contempla o Acordo coma o mellor modo de salvarlo unionismo, e noutra que o considera a súa morte. As causas da oposición unionista ó Acordo remítenos ó feito de que sendo o unionismo a ideoloxía tradicionalmente dominante en Irlanda do Norte, foron eles os que tiveron que outorgar máis concesións ós nacionalistas e ós republicanos durante o Acordo, moi especialmente no curto prazo. Ademais, como Morrow sinala, “estar en prol do Acordo é empezar a recoñecer, implicitamente, que o estado unionista tradicional fracasou e que a *britanidade* en Irlanda cómpre negociala, non impoñela”<sup>(5)</sup>. Os unionistas que están en contra do Acordo véno basicamente coma unha “liquidación” do unionismo ante o terrorismo republicano e, daquela, utilizan as crises para demostrar que o Acordo non funciona. Sen embargo, é precisamente a gran presión dos unionistas en contra do Acordo, a que fai que sexa moi difícil, para os que están a favor, acadar compromisos e solucións con republicanos e nacionalistas naquelas áreas que non foron suficientemente tratadas no Acordo.

Ó mesmo tempo, os republicanos, aínda que menos divididos, enfróntanse tamén ó perigo da separación por parte dos elementos máis radicais e, consecuentemente, non son quen de outorgar grandes concesións. A oposición ó Acordo por parte dos republicanos é, sen embargo, máis unha cuestión de futuro, en particular se o

---

(4) RUANE, Joseph e TODD, Jennifer: *The Politics of Transition? Explaining Political Crises in the Implementation of the Belfast Good Friday Agreement*, Political Studies, 49, 2001, p936.

(5) MORROW, Duncan: *Nothing to Fear but...? Unionists and the Northern Ireland Peace Process*, en MURRAY, Dominic, editor: *Protestant Perceptions of the Peace Process in Northern Ireland*, Centre for Peace and Development Studies, University of Limerick, 2000, <http://cain.ulst.ac.uk/events/peace/murray/murray00.htm>.

Acordo non conduce –como a maioría dos republicanos agarda– a unha Irlanda unida en aproximadamente vinte anos.

En vista da debilidade do Acordo do Venres Santo e das presións exercidas tanto sobre os unionistas como sobre os republicanos, non é sorprendente que certos asuntos especiais fosen particularmente problemáticos: a excarceración de prisioneiros paramilitares, moi importante aínda para os republicanos e os lealistas, foi un asunto moi doloroso para as vítimas de ataques terroristas. Non obstante, o asunto perdeu a súa importancia despois de xullo de 2000, cando os últimos prisioneiros das organizacións paramilitares que declararan a tregua foron liberados. A desmilitarización, aínda que polémica, continuou tamén con notable facilidade e non hai moito que a presenza militar británica acadou o nivel de 1970. Só a cuestión da reforma da policía foi máis problemática, xa que os unionistas e os republicanos non puideron pórse de acordo no que tocaba ós límites da reforma. Na actualidade, tódolos partidos, excepto o *Sinn Féin*, apoian á nova policía reformada, que mudou o seu nome en 2001 do vello Policía Real do Ulster ó novo Servicio Policial de Irlanda do Norte. A súa estrutura cambiou de xeito tal que arestora é considerada unha das policía máis modernas e democráticas do mundo.

Pero o obstáculo máis controvertido do proceso de paz, o desarmamento do *IRA*, non se resolveu. O seu principal problema é que se transformou nun asunto simbólico dentro da comunidade unionista, sendo, principalmente, o medio utilizado polos unionistas opostos ó Acordo do Venres Santo, para demostrar que eles son, en xeral, os perdedores do Acordo. O asunto esaxerouse de tal xeito que agora mesmo un acto de desarmamento substancial baixo a supervisión dunha comisión verdadeiramente independente, a liderada polo xeneral canadense John de Chastelain, non é suficiente. Os unionistas contrarios ó Acordo saben que este asunto tamén ten carácter simbólico entre os republicanos, xa que o desarmamento público cheira a capitulación. Ademais, xa que o seu flanco político é parte do Executivo de poder compartido, o desarmamento céntrase principalmente no *IRA* e non nos paramilitares lealistas ou en paramilitares republicanos de menor importancia, e, daquela, o *IRA* está pouco disposto a entrega-las súas armas.

Para recupera-lo apoio dos votantes unionistas escépticos, os unionistas que apoian o Acordo relacionaron o asunto do desarmamento coa continuidade da autonomía norirlandesa, o que se resume no seu slogan “non armas, non goberno”. Aínda que é comprensible que non queiran formar goberno cun partido cun flanco militar que aínda posúe armas, os unionistas reduciron cada vez máis as oportunidades para darlle ó *IRA* a posibilidade de levar a cabo actos de desarmamento “honrosos”, ó demandar constantemente actos públicos de desarmamento, unha declaración clara de que a guerra rematou e mecanismos institucionais para expulsar ós partidos con alas militares que non manteñan as súas treguas. Os republicanos, pola súa banda, piden máis actos de desmilitarización, máis reformas da policía e o traspaso de poderes sobre asuntos de seguridade de Londres a Stormont como moeda de cambio polo desarmamento.

Ata agora, o *IRA* só fixo entrega de armas en tres ocasións, non estando claro cantas exactamente, e corre o rumor de que segue a recrutar e adestrar a novos membros e de que aínda recolle información sobre obxectivos potenciais. Ó certo é que o último Executivo de poder compartido fracasou en outubro de 2002 debido a unha suposta rede de espionaxe do *IRA* no edificio da Asemblea norirlandesa. De calquera xeito o *IRA* reconece, en principio, que o desarmamento se ten que realizar.

## As relacións entre as comunidades e o proceso de paz

Irlanda do Norte caracterizouse sempre por ser unha sociedade fundamente dividida –relixiosa, cultural, política, económica e, a miúdo, xeograficamente–. Póde-se apreciar nas diferentes áreas residenciais de católicos e protestantes, nos distintos lugares de traballo, e de xeito máis importante, nos sistemas de educación separados. A relación entre as dúas comunidades ten estado dominada polo sectarismo, i.e. o odio e a intolerancia cara a outra comunidade, e a pesar de que o grao de sectarismo e de divisións en xeral varía dun lugar a outro, non diminuíu de xeito significativo dende o Acordo do Venres Santo. Nalgunhas zonas, as divisións comunais incrementáronse; por exemplo no norte de Belfast o número dos chamados “muros de paz”, que separan fisicamente as áreas católicas das protestantes, é agora dúas veces máis amplo que en 1994. Isto sucede en gran medida como reacción perante a crecente violencia nos lugares convencionalmente considerados de paso común (*interface violence*); ademais, os ataques contra os símbolos da outra comunidade, como as escolas e as igrexas, son tamén moi comúns. Internacionalmente, o caso máis conocido foi o bloqueo, no norte de Belfast, dunha rúa que conduce a unha escola católica chamada *Holy Cross*, por parte de residentes protestantes opostos ó uso da rúa, que discorre a través dunha “área protestante”, polos escolares católicos. Pese a que este tipo de protesta é un caso extremo –mesmo para os estándares de Irlanda do Norte– ambas comunidades expresaron dende o Acordo do Venres Santo a súa crecente preocupación acerca das posibilidades da futura integración social.

¿Que é o que explica estas tendencias máis que confusas nas relacións das comunidades dende o Acordo? Outra vez o Acordo en si é o problema principal. Un dos cruciais compromisos políticos que o forman é a constitución dunha autonomía de Irlanda do Norte baseada nos principios dunha democracia “consociativa”. Isto significa que o goberno componse, ó contrario das democracias competitivas da maioría dos países europeos de Occidente, por un Executivo de poder compartido automaticamente constituído polos catro partidos máis fortes do Parlamento; ademais, cada comunidade, tanto a unionista como a nacionalista, posúe virtualmente un veto mutuo debido ós complexos regulamentos de voto da Asemblea. Co fin de garantir unha distinción clara entre o “bloque unionista” e o “bloque nacionalista”, cada partido da Asemblea ten que designarse a si mesmo coma unionista, nacionalista ou outro. Á parte do problema da discriminación daqueles partidos que non son nin unionistas nin

nacionalistas, coma o *NIWC*, o defecto fundamental destes pactos reside no fortalecemento das divisións comunais, xa que tanto uns coma outros son animados a permanecer e mesmo reforza-lo seu respectivo bloque. En palabras de Wilford e Wilson, “o problema fundamental co “consociacionalismo” é que se basea precisamente na división que se supón debe resolver”<sup>(6)</sup>. Consecuentemente, os partidos máis radicais son os gañadores das eleccións de novembro.

Sen embargo, non só foron as previsións do Acordo do Venres Santo as que non permitiron a mellora das relacións na comunidade; a ausencia xeral de reconciliación da comunidade despois de décadas de hostilidades e os mutuos culpabilizamentos por parte das dúas partes son tamén obstáculos significativos. Ambas partes tenden aínda a resalta-las súas diferencias máis que os seus puntos en común, ó temer unha asimilación final das súas comunidades. Pero o principal obstáculo para a reconciliación é o problema das vítimas. As dúas partes tratan con frecuencia este asunto só como propio de cada comunidade e fracasan ó ver que tódalas partes sufriron realmente durante o conflito. Os católicos tenden a centrarse nas vítimas inocentes dos actos das forzas de seguridade, nomeadamente, nos casos de colusión entre paramilitares lealistas e determinados departamentos do aparato do servizo de seguridade e policía co obxectivo de matar nacionalistas ingratos coma o avogado Pat Finucane, que foi asasinado en 1989. Aínda que a investigación de Stevens, do goberno británico, arroxou luz sobre o problema, o seu traballo viuse dificultado pola falla de cooperación dalgúns funcionarios implicados do servizo secreto e da policía, e non se presentou aínda ningún informe final. O asasinato de catorce manifestantes civís desarmados polos soldados británicos durante a marcha dos dereitos civís en Derry o 30 de xaneiro de 1972 (o “Domingo Sanguento”) é outro incidente da violencia de estado que posúe aínda unha enorme influencia sobre a comunidade católica. A pesar de que en 1998 lanzouse a investigación máis onerosa da historia británica (cun custo de aproximadamente 150 millóns de euros) para investiga-lo caso, aínda non está claro se dará a coñecer toda a verdade que permanece detrás do incidente. Os unionistas, por outra banda, quéixanse de que eles non obtiveron sequera unha investigación, e sinalan numerosos incidentes non resoltos, coma o da “bomba de Enniskillen” do *IRA*, pola que dez protestantes desarmados morreron durante a celebración do Día da Conmemoración das Guerras Mundiais. O *IRA* non resultou de grande axuda na clarificación dos casos non resoltos; o único xesto ata o de agora foi unha desculpa pública ás vítimas *inocentes* da súa violencia.

En suma, máis da metade dos crimes políticos non están resoltos. A pesar de todo, só en moi poucos casos, como no da bomba de Omagh, os membros das dúas comunidades traballan realmente xuntos. Outro caso publicado recentemente afecta ó destino dos chamados “desaparecidos”: nos anos setenta, o *IRA* secuestrou e matou en segredo a supostos colaboradores da Armada británica, tanto protestantes como cató-

---

(6) WILFORD, Rick e WILSON, Robin: *A Route to Stability: The Review of the Belfast Agreement*, Belfast, Democratic Dialogue, 2003, [http://www.democraticdialogue.org/working/agreview\\_files/agreview.pdf](http://www.democraticdialogue.org/working/agreview_files/agreview.pdf).

licos, e, pese a que o *IRA* acordou revéla-lo lugar sagrado onde están os corpos das vítimas, só foi atopada unha cantidade pouco significativa de cadáveres.

O último obstáculo para a mellora das relacións entre as comunidades son as escolas separadas. Dende o establecemento de Irlanda do Norte en 1920, os nenos católicos asisten a escolas dirixidas pola Igrexa católica, mentres os nenos protestantes acuden a escolas do Estado, que están, de feito, baixo o control das igrexas protestantes. En 2000, só entre o 2 e o 4% de tódolos alumnos de Irlanda do Norte ían ás chamadas escolas integradas ou mixtas. Os proxectos de escolas para ambas comunidades, como a Educación para o Entendemento Mutuo, tiveron unicamente un impacto limitado.

A pesar de tódolos obstáculos mencionados arriba, as relacións entre as dúas comunidades melloraron en determinadas áreas. O acontecemento máis importante é o crecemento da sociedade civil –os grupos ecuménicos, sindicatos, alianzas de negocios, ONGs ou o *NIWC*–. A sociedade civil é, de feito, o seguidor máis forte do Acordo do Venres Santo e foi o seu apoio o que garantiu a súa continuidade. En crecemento dende 1974, o proceso de paz fortaleceuna aínda máis, e non só gracias ás xenerosas axudas da Unión Europea (UE)<sup>(7)</sup>. O crecemento da sociedade civil ten tamén un significativo efecto colateral: a mellora da situación da muller nunha sociedade tradicionalmente archiconservadora de Irlanda do Norte, que vén apoiado pola protección legal dos dereitos das mulleres no Acordo do Venres Santo, sobre todo trala adopción da Convención dos Dereitos Humanos e a posterior lexislación de igualdade.

Acadáronse tamén melloras no eido da cultura: a diversidade cultural aumenta a medida que máis e máis xente comeza a ollar fóra do seu entorno tradicional. Tanto o irlandés coma o escocés do Ulster, a lingua tradicional falada polos poboadores protestantes de Escocia, son arestora recoñecidos e subvencionados en gran medida. Sen embargo, cómpre salientar que “a diversidade cultural” no contexto de Irlanda do Norte refírese maioritariamente ás identidades étnicas tradicionais. As identidades culturais dos novos grupos étnicos a miúdo non son incluídas, por exemplo, a segunda lingua máis falada en Irlanda do Norte –o chinés– non está recoñecida en xeito ningún.

Estreitamente vencellada co asunto da diversidade cultural está a controversia sobre os desfiles da Orde Oranxista e, na cidade de Londonderry, a dos Mozos Aprendices de Derry. Os desfiles e marchas son unha parte central tanto da identidade cultural nacionalista como da unionista, sendo a súa influencia e importancia máis forte na comunidade unionista. O problema crucial dos desfiles “...non é simplemente o desexo de camiñar por unha estrada determinada, senón que forma parte dunha disputa territorial máis ampla”<sup>(8)</sup>. Os católicos ven nos desfiles oranxistas manifesta-

(7) Ver MAC GINTY e DARBY, op cit, pp141-145 e MCCARTNEY, Clem: *The Role of Civil Society*, Accord: an international review of peace initiatives, 8, 1999/2003, <http://www.c-r.org/accord/ireland/accord8/susjudge.shtml>.

(8) JARMAN, Neil e BRYAN, Dominic: *Parade and Protest: A Discussion of Parading Disputes in Northern Ireland*, Centre for the Study of Conflict, University of Ulster, Coleraine, 1996, <http://cain.ulst.ac.uk/csc/reports/parade.htm>.

cións triunfalistas e sectarias da dominación oranxista de séculos atrás en Irlanda do Norte, especialmente cando se levan a cabo nas áreas católicas. Os unionistas, pola súa banda, consideran as queixas dos residentes como conspiracións republicanas para ataca-la cultura e as liberdades relixiosas e civís dos protestantes. De maneira non sorprendente, os desfiles conduciron a disturbios moi intensos e de gran importancia en 1996 e 1998. Sen embargo, a maioría dos desfiles en Irlanda do Norte non foron polémicos en absoluto, a pesar de aumentar de xeito significativo a súa frecuencia. A intensidade que acadou toda a problemática realacionada co asunto dos desfiles diminuíu dende o Acordo do Venres Santo. Este non se ocupa das marchas en ningunha parte, pero o establecemento dunha comisión independente encargada dos desfiles, a intensa mediación, o mellor control e supervisión e as divisións dentro da comunidade unionista en relación ó significado e sentido dos mesmos, son factores que axudaron a reduci-la intensidade dos conflitos en torno ós desfiles.

Estas melloras nas relacións das comunidades foron apoiadas tamén por factores máis xerais e amplos: en primeiro lugar, os medios de comunicación de masas –unionistas, nacionalistas, irlandeses e británicos– son, sen excepcións significativas, partidarios do Acordo, e, de feito, o apoio dos medios de comunicación é o trazo principal que ten impedido a ruptura do proceso de paz. E, en segundo lugar, como Ruane e Todd sinalan acertadamente, as amplas tendencias internacionais cara á secularización, liberalismo, posnacionalismo ou individualización e consumismo debilitaron a coherencia tradicional das comunidades protestantes e católicas, facilitando así tímidas melloras nas relacións da comunidade<sup>(9)</sup>.

### **¿Da paz á prosperidade? O contexto económico do proceso de paz**

---

O goberno británico argumenta a miúdo que a vantaxe máis importante do proceso de paz e do Acordo do Venres Santo é, en realidade, a mellora económica de tódolos cidadáns norirlandeses. ¿Existe realmente algo semellante a un “dividendo da paz” en Irlanda do Norte?

De feito, hai indicios claros de substanciais melloras económicas acaecidas durante o proceso de paz. Primeiro, a taxa de desemprego diminuíu dunha vez do 17% a menos do 6% en 2003. Segundo, a taxa da emigración inverteuse, e Irlanda do Norte ten arestora unha taxa de inmigración positiva, un logro moi notable nunha zona que sufriu a emigración durante moito tempo. Terceiro, tanto o sector da construción coma o do turismo pulan da economía e, aínda máis importante, nun país que loitou durante décadas cos problemas da desindustrialización da outrora denominada industria pesada, agora son as empresas da alta tecnoloxía as que invisten cada vez máis en Irlanda do Norte. Estas melloras son en gran medida o resultado da diminución da incerteza dos investidores empresariais debido ó remate do conflito violento e ó

---

(9) Ver RUANE e TODD, op cit, p927.

crecente apoio financeiro de países de fóra da provincia, na súa maior parte de Gran Bretaña, a UE e os EEUU. Por exemplo, soamente entre 1993 e 1998, as empresas privadas estadounidenses investiron preto de 2 billóns de dólares en Irlanda do Norte, mentres o goberno dos EEUU sumaba 20 millóns de dólares en concepto de subvencións cada ano. Pero é importante sinalar que as melloras económicas reflicten tamén as grandes tendencias na mesma dirección do Reino Unido, sendo cuestionable se isto tería sido así sen o proceso de paz<sup>(10)</sup>.

De tódolos xeitos, as análises recentes indican que a situación económica de Irlanda do Norte comezou a cambiar<sup>(11)</sup>. En primeiro lugar, o seu Producto Interior Bruto está a diminuír novamente. En segundo lugar, o modelo da súa man de obra non cambiou de xeito significativo: o 36% traballa aínda no servizo público, mentres soamente o 9% traballa no sector financeiro e empresarial. Ademais, o sector da alimentación e o téxtil son aínda os grandes “empregadores”, e non as empresas que se basean na cualificación dos seus empregados. Polo tanto, a economía de Irlanda do Norte pronto sentirá a competencia de países con salarios máis baixos, como por exemplo a Europa oriental ou o leste de Asia. En terceiro lugar, a baixa taxa do desemprego e o crecemento económico en xeral dependen aínda en gran medida das subvencións e dos gastos do sector público. En cuarto lugar, son as clases medias e altas as beneficiadas das melloras económicas, e, consecuentemente, as discrepancias sociais entre as clases máis baixas e as máis altas aumentaron durante o proceso de paz: mentres moitos cidadáns norirlandeses gozan arestora dun nivel de vida relativamente alto, as clases máis baixas, particularmente nos tradicionais barrios republicanos e lealistas, afrontan a dura realidade do descenso social. Finalmente, Moltman indica que nalgúns dos barrios máis pobres das comunidades republicanas e lealistas estableceuse unha “economía da violencia”, que se basea en estruturas semellantes ás da Mafia e inclúe a miúdo (antigos) paramilitares. Nestas zonas, o contrabando, o comercio con drogas e outras actividades criminais son a base económica e financeira para moita xente<sup>(12)</sup>.

## A dimensión internacional

O marco internacional é a única parte positiva, en xeral, do proceso de paz de Irlanda do Norte. En resume, podemos distinguir catro actores externos diferentes: Gran Bretaña, a República de Irlanda, a UE e os Estados Unidos.

Gran Bretaña –que, en rigor, non é unha forza externa, xa que está ligada constitucionalmente a Irlanda do Norte–, é tamén un actor no conflito, posto que a

(10) Ver MAC GINTY e Darby, op cit, pp134-137.

(11) Ver por exemplo KERR, James: *NI's Economic Future 'Fragile'*, BBC News, 17 de setembro de 2003, [http://news.bbc.co.uk/2/hi/uk\\_news/northern\\_ireland/3115538.stm](http://news.bbc.co.uk/2/hi/uk_news/northern_ireland/3115538.stm).

(12) Ver MOLTSMANN, Bernhard: *Es kann der Frömmste nicht im Frieden bleiben...* Nordirland und sein kalter Frieden, HSFK-Report 8, Hessische Stiftung Friedens- und Konfliktforschung, Frankfurt, 2002, p29, <http://www.hsfk.de/downloads/rep0802.pdf>.

provincia estivo directamente gobernada dende Londres durante preto de trinta anos e as tropas británicas seguen estacionadas alí. Sen embargo, a nivel social, en Gran Bretaña, Irlanda do Norte é considerada pola maioría das persoas un país afastado e sen maior importancia. Feito significativo, os cidadáns norirlandeses non puideron afiliarse ó Partido Laborista británico ata datas moi recentes. En consecuencia, os gobernos británicos son moi coidadosos á hora de involucrarse activamente en Irlanda do Norte, e esfórzanse sempre por atopar posibles vieiros fóra do conflito. En 1990, Peter Brooke, daquela secretario de Estado para Irlanda do Norte, chegou a declarar publicamente que Gran Bretaña non tería “un interese egoísta, estratéxico ou económico” en Irlanda do Norte. Este tipo de prerrogativas permitiulle ós gobernos británicos, tanto laboristas como conservadores, facilita-las saídas ó conflito e operar ata certo punto coma unha forza externa de equilibrio. Os gobernos británicos foron xeralmente bastante pragmáticos durante o proceso de paz e non amosaron escrúpulos “para falar cos terroristas”. Só o goberno conservador de John Major foi refreado nas súas accións a mediados dos noventa, xa que a súa maioría no Parlamento dependía por aquel entón do apoio do *UUP*, co que o Partido Conservador está vinculado oficialmente, aínda que non de xeito moi estreito.

Non foi o goberno británico o único que, dende fóra, facilitou o proceso de paz en Irlanda do Norte; tamén o seu homólogo na República de Irlanda. De xeito semellante a Gran Bretaña, a República non é en rigor unha forza externa, pois ata 1998 reclamou que os seis condados de Irlanda do Norte fosen parte integral do seu territorio (antigos artigos 2 e 3 da súa Constitución). Sen embargo, *de facto* a República de Irlanda respectou sempre a integridade de Irlanda do Norte como parte do Reino Unido, non obstante manteña os seus intereses nos asuntos norirlandeses. Co Acordo Anglo-Irlandés de 1985 concedeuse finalmente á República o dereito de intervención en Irlanda do Norte, e a partir de entón os gobernos británicos e irlandeses intensificaron lentamente a súa cooperación co obxectivo de atopar solucións ó problema do Norte de Irlanda. De feito, a cooperación entre ambos gobernos resultou se-lo motor do proceso de paz e, dende comezos dos anos noventa, case tódalas iniciativas externas foron accións comúns anglo-irlandesas como a Declaración de Downing Street en 1993, o documento “Marco para o Futuro” de 1995, o Acordo do Venres Santo en 1998 e moitas outras iniciativas para lle pór fin ós bloqueos do proceso de paz. Aínda que ambos gobernos teñen diferentes intereses e prioridades, actuaron sempre como gardiáns unidos do proceso de paz e son tamén os garantes do Acordo do Venres Santo. Foi precisamente esta protección común a que lles permitiu ós partidos norirlandeses confiar no proceso de paz, xa que ambas comunidades tiveron potencialmente poderes externos “comprensivos” no proceso de paz, o goberno británico no caso dos unionistas e o goberno irlandés no caso dos nacionalistas.

A cooperación británico-irlandesa foi posible, en parte, gracias a outro actor internacional: a UE. Aínda que a súa influencia é máis indirecta, o seu impacto é substancial, sobre todo na República irlandesa, que, coma un dos membros máis pobres da UE, recibiu fondos estruturais considerables, que a axudaron, en particular

nos anos noventa, a se transformar nun país máis próspero e moderno. Un efecto colateral deste proceso é a dilución do nacionalismo irlandés radical na República, que a libera, en consecuencia, das presións irredentistas e tradicionais que tiñan coma obxectivo a integración total de Irlanda del Norte na República. O marco dunha institución supranacional como é a UE, da que tanto o Reino Unido coma Irlanda forman parte, favorece tamén a expansión de ideas posnacionalistas ou rexionalistas, que proporcionan alternativas máis flexibles ás formas tradicionais e “intransixentes” do nacionalismo, ofrecendo solucións máis creativas ó problema de Irlanda do Norte. O Consello Ministerial Norte-Sur e o Consello Británico-Irlandés son expresións concretas destas ideas rexionalistas e posnacionalistas, que tamén poden inspirar proxectos semellantes noutras partes de Europa. Por último, a *membresía* común europea do Reino Unido e Irlanda fixo tamén as fronteiras entre os dous países, e deste modo entre a República de Irlanda e Irlanda do Norte, máis permeables. Hoxe en día, os límites entre os dous países –coma entre outros países da UE– son en moitos sentidos unha mera liña nun mapa. En consecuencia, o tradicional conflito entre unionistas e nacionalistas está a perde-lo seu significado práctico.

Ademais da UE, só existe un factor adicional externo ás Illas Británicas: os Estados Unidos. Pero a influencia estadounidense é, así mesmo, de tipo indirecto. En opinión de Mac Ginty e Darby, “a contribución política máis significativa provinte de actores externos, principalmente os EEUU, tivo a habilidade de darlle ímpeto ó proceso de paz”<sup>(13)</sup>. Durante a presidencia de Bill Clinton (1992-2000), o primeiro presidente que non considerou o conflito de Irlanda do Norte coma un asunto interno e puro do Reino Unido, as súas intervencións específicas e a miúdo simbólicas (i.e. de baixo custo) –como a polémica concesión dun visado a Gerry Adams antes da tregua do *IRA* ou as chamadas ós líderes políticos durante os tempos cruciais das negociacións para o Acordo do Venres Santo e varias viaxes a Irlanda do Norte– axudaron a convencer ós líderes e ós seus seguidores da necesidade do proceso de paz en xeral, e do Acordo do Venres Santo en particular, e amosaron o apoio, forte, de un dos homes, presuntamente máis poderosos do mundo. Dende que George W. Bush substituíu a Bill Clinton na *Casa Branca*, continuou coa política do seu predecesor en Irlanda do Norte, mais non co mesmo vigor, en particular despois do 11 de setembro de 2001, cando as súas prioridades na política exterior cambiaron de xeito fundamental. Sen embargo, o presidente estadounidense ten aínda un enviado especial en Irlanda do Norte, Richard Haas.

Paradoxalmente, pode dicirse mesmo que a política exterior da Administración Bush foi a que fortaleceu o proceso de paz en Irlanda do Norte. En primeiro lugar, como reacción ó 11 de setembro de 2001, a Administración norteamericana é moi sensible con todo aquilo que cheire a terrorismo e, daquela, tamén co *IRA*, en particular cando se fixéron públicos os supostos vínculos entre o *IRA* e os rebeldes das *Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia* e *Euskadi Ta Akatasuna* no País Vasco. Xa que o *IRA* depende en gran medida dos vencellos financeiros vitais que ten na

(13) MAC GINTY e DARBY, op cit, p121.

América irlandesa, viuse forzado a cambia-las súas políticas máis duras con respecto ó desarmamento, para evita-la súa ilegalización nos EEUU e asegura-lo apoio dos americanos irlandeses. Daquela, non é unha sorpresa que os actos de desarmamento máis importantes do IRA ocorresen despois do 11 de setembro de 2001. A continua “guerra contra o terrorismo” dos EEUU porá ó IRA baixo máis presión para o desarmamento, axudando desta maneira a superar un dos máis notorios obstáculos do proceso de paz. En segundo lugar, a guerra anglo-americana en Iraq –que conta co apoio dos unionistas– contribuíu á aparición dunha visión máis favorable dos EEUU por parte da comunidade unionista, que é tradicionalmente moi escéptica acerca da implicación estadounidense nos “asuntos interiores” de Irlanda do Norte. Ao mesmo tempo, os intenos, pero a miúdo contradictorios, vencellos entre os nacionalistas e os EEUU debilitáronse debido á oposición nacionalista á guerra en Iraq –máis unha vez, unha situación que puña en apretos ó IRA–.

## Conclusión

---

Incluso cinco anos despois da sinatura dun acordo de paz comprensivo, o proceso de Irlanda do Norte está lonxe da súa fin. Dende unha perspectiva optimista, isto significa que o proceso aínda non fracasou, –en vista da evolución doutros procesos de paz coma o caso do País Vasco– o que constitúe xa un logro notable e é, en definitiva, o éxito máis importante. Dende unha perspectiva pesimista, pola contra, o proceso de paz está caracterizado por unha progresión na que hai motivos para a alarma. En consecuencia, unha discusión acerca dos logros e os reveses do proceso de paz conduce facilmente a unha disputa do tipo vaso medio cheo ou medio baleiro. De feito, como McCartney concluíu recentemente “o proceso de paz de Irlanda do Norte é difícil de vulgar, porque hai beneficios tanxibles pero tamén obstáculos reais e obvios”<sup>(14)</sup>.

Os beneficios e os logros é posible que excedan lixeiramente ós reveses; despois de todo, o Acordo do Venres Santo, unha peza fundamental no proceso de paz, aínda existe e as treguas dos principais grupos paramilitares non se romperon. Así mesmo, estableceuse a autonomía e Irlanda do Norte viviu unha reforma considerable da policía así como significativos actos de desarmamento. Ademais, a sociedade civil expandiuse, os dereitos humanos, en particular, os das mulleres, fortalecéronse, a pluralidade cultural ten cada vez máis apoio e mesmo as notorias disputas sobre os desfiles se moderaron. As melloras económicas, por máis que non sexan necesariamente un resultado da paz, son tamén un beneficio importante. Finalmente, o marco internacional –formado polos gobernos británico e irlandés, a UE e os EEUU– constitúe, en xeral, un factor de apoio ó proceso de paz.

---

(14) MCCARTNEY, Clem: *Suspending Judgement: The Politics of Peacebuilding in Northern Ireland*, Accord: an international review of peace initiatives, 8, 1999/2003, <http://www.c-r.org/accord/ireland/accord8/susjudge.shtml>.

Sen embargo, numerosos reveses e obstáculos danaron estes beneficios e logros: a autonomía non funcionou adecuadamente durante a maior parte do tempo transcorrido dende a súa introducción a finais de 1999. As reformas da policía e o desarmamento non foron considerados suficientes polos partidos máis extremos, constituíndose nunha continua fonte de discordia, desencontro que ás veces adopta formas violentas que roldan aínda as rúas de Irlanda do Norte. As relacións entre as comunidades tampouco melloraron de maneira significativa e persisten as fondas divisións entre protestantes/unionistas/lealistas e católicos/republicanos/nacionalistas. Nunha gran medida, o Acordo do Venres Santo é responsable desta progresión, posto que certamente solidifica as identidades separadas de Irlanda do Norte, pero a ausencia de reconciliación e dun trato máis aberto no asunto das vítimas son tamén factores a ter en conta.

Se os partidos de Irlanda do Norte non teñen en conta axiña estes déficits e fallas, é posible que o proceso fracase tarde ou cedo. Dende as eleccións de novembro, os partidos contrarios ó Acordo e mailo brazo político do IRA son máis fortes que nunca. O que realmente cómpre agora é a reforma do Acordo do Venres Santo, a poder ser mesmo coas forzas posicionadas en contra do Acordo, coma o *DUP*, co fin de que os arranxos políticos funcionen (por exemplo, as reformas do sistema de voto ou a supresión das designacións dos partidos na Asemblea). Os republicanos terán que acepta-las reformas da policía e levar a cabo un maior número de actos de desarmamento –algo máis probable dende o 11 de setembro de 2001–, mentres que os unionistas deberán acepta-las formas nas que o *IRA* quere entrega-las súas armas e estar preparados para compartilo goberno co *Sinn Féin*. O goberno británico, pola súa parte, deberá facer un esforzo e concede-los poderes completos da autonomía á Asemblea de Irlanda do Norte, noutras palabras, deberá abandona-los poderes que lle permiten reimpoñer-lo goberno directo cada vez que o proceso de paz está paralizado.

É probable que unha iniciativa conxunta dos gobernos británico e irlandés ofrecese, tanto ós unionistas/lealistas coma ós republicanos/nacionalistas, un compromiso razoable que incluíse os asuntos mencionados arriba. Sen embargo, os partidos de Irlanda do Norte teñen que aprender a anda-lo resto do camiño da paz por si mesmos.

É tamén o momento de concentrarse nos asuntos de “pan e manteiga”, como, por exemplo, as crecentes discrepancias sociais tanto na comunidade protestante como na comunidade católica. Deste modo a reconciliación e as mellores relacións entre as comunidades se desenvolverán paso a paso. Despois de todo, as oportunidades para tal perspectiva non foron mellores en ningún momento da longa e sanguenta historia de Irlanda do Norte. Pero, máis unha vez Irlanda do Norte está na encrucillada e será a decisión dos cidadáns e dos seus líderes a que determinará o camiño a seguir.

---

*Benjamin Kienzle é master en Ciencias da Paz pola Universidade do Ulster e realiza prácticas no Igadi.*

## Lecturas recomendadas

---

- ALONSO, Rogelio: *Irlanda del Norte: Una Historia de Guerra y la Búsqueda de la Paz*, Editorial Complutense, Madrid, 2001. O estudio histórico máis completo sobre o conflito norirlandés en castelán. Inclúe un capítulo sobre Euskadi.
- ARTHUR, Paul: *Special Relationships: Britain, Ireland and the Northern Ireland Problem*, Blackstaff, Belfast, 2000. Unha análise profunda das cambiantes relacións anglo-irlandesas con respecto a Irlanda do Norte.
- BEW, Paul, GIBBON, Peter e PATTERSON, Henry: *Northern Ireland 1921-2001: Political Forces and Social Classes*, edición actualizada, Serif, London, 2002. Unha influente análise dos desenvolvementos en Irlanda do Norte.
- COX, Michael, GUELKE, Adrian e STEPHEN, Fiona, editores: *A Farewell to Arms? From Long War to Long Peace in Northern Ireland*, Manchester University Press, Manchester, 2000. Colección de artigos sobre diferentes aspectos do proceso de paz en Irlanda do Norte, como, por exemplo a policía, os asuntos de xénero ou a dimensión internacional. Inclúe un capítulo sobre o proceso de paz en Euskadi.
- DIXON, Paul: *Northern Ireland: Politics of Peace and War*, Palgrave, Houndmills, 2001. Unha introducción exhaustiva ao conflito en Irlanda do Norte.
- FRASER, T.G., editor: *The Irish Parading Tradition: Following the Drum*, Macmillan, Houndmills, 2000. Colección de artigos sobre a problemática dos desfiles.
- GURRUCHAGA, Íñigo: *El Modelo Irlandés: Historia Secreta de un Proceso de Paz*, Ediciones Península, Barcelona, 1998. Relato xornalístico do proceso que conduciu ó Acordo do Venres Santo. Inclúe unha comparación con Euskadi.
- MAC GINTY, Roger e DARBY, John: *Guns and Government: The Management of the Northern Ireland Peace Process*, Palgrave, Houndmills, 2002. A análise máis actual e exhaustiva do proceso de paz en Irlanda do Norte.
- O'LEARY, Brendan e MCGARRY, John: *Explaining Northern Ireland: Broken Images*, Blackwell, Oxford, 1995. Unha obra estándar que explica o conflito en Irlanda do Norte.
- WHYTE, John: *Interpreting Northern Ireland*, Clarendon, Oxford, 1990. Obra clásica sobre as diferentes interpretacións do problema norirlandés.

## En Internet

- Amazon UK, <http://www.amazon.co.uk/>. Pódense mercar tódolos libros relevantes aquí.
- CAIN (Conflict Archive on the Internet) Web Service, <http://cain.ulst.ac.uk/index.html>. Servicio Web estándar cunha gran cantidade de informacións, fontes e publicacións.
- Democratic Dialogue, <http://www.democraticdialogue.org/discussionpapers.htm>. Publicacións actuais dun dos grupos de expertos máis influentes en Irlanda do Norte.
- El Mundo en especial, *Irlanda del Norte: Camino de la Paz*, <http://www.elmundo.es/especiales/2001/10/internacional/irlanda/index.html>. Introducción ó conflito norirlandés de El Mundo (en castelán).

Institute for Conflict Research, <http://www.conflictresearch.org.uk/publications/>. Publicacións actuais dun Instituto de Investigación en Belfast.

Newshound, <http://www.nuzhound.com/>. Páxina web con enlaces a artigos sobre Irlanda do Norte nos xornais anglófonos máis relevantes. Actualizada cada día.

### **Revistas consultadas**

Accord: an international review of peace initiatives.

Capital and Class.

HSFK Standpunkte: Beiträge zum demokratischen Frieden.

International Affairs.

Peace Review.

Political Studies.

Studies in Conflict and Terrorism.

Survival.